



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 28 DE NOVEMBRO DE 2013 SOBRE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE INTERINOS PARA CUBRIR POSTOS DE FUNCIONARIOS DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 41.2.c) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, respecto do Proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 28 de novembro de 2013 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o preceptivo

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo, prevé no seu artigo 472.2 que por razóns de urxencia ou necesidade se poderán nomear funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza mentres non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

O artigo 489 da dita lei orgánica determina que o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza serán competentes para o nomeamento de interinos, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se é o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e asumida pola Xunta de Galicia a través do Decreto 438/1995, os funcionarios dos corpos de médicos forenses e mais dos corpos de



xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial dependen organicamente da comunidade autónoma. Esta dependencia instruméntase a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á cal lle corresponden as competencias nesta materia, segundo o Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

2. Necesidade e oportunidade

Por Orde do 28 de novembro de 2013 (DOG número 234, do 9 de decembro de 2013) regulouse a selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Con posterioridade á publicación da citada Orde do 28 de novembro de 2013 foron publicadas as relacións de postos de traballo de distintos centros de destino, circunstancia esta que fai imprescindible a modificación das previsións que a dita orde establece en relación co cesamento dos funcionarios interinos.

Así mesmo, esta modificación introduce a posibilidade de prórroga da vixencia das bolsas de interinos por contaren estas con suficiente número de integrantes para cubrir os postos en réxime de interinidade ou por outras circunstancias especiais.

3. Estrutura e contido

Este anteproxecto de orde está formado por un artigo único e unha disposición derradeira e un anexo co seguinte contido:

Artigo único: *modificación da Orde pola que se modifica a Orde do 28 de novembro de 2013 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.*

Disposición derradeira: *Entrada en vigor*



4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico o borrador da disposición acompañado dunha memoria xustificativa e económica (artigo 41.2.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro) e dunha táboa de vixencias (artigo 41.2. d) da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Así mesmo consta o acordo previo de inicio na elaboración da dita disposición asinada pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Debido á urxencia na tramitación deste proxecto normativo o prazo de alegacións reduciuse a 7 días hábiles. Non se recibiu ningunha alegación no devandito prazo.

A continuación o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que deban pronunciarse sobre o texto do proxecto.



A continuación foi preciso recadar os informes dos órganos e unidades administrativas que deban pronunciarse sobre o texto do proxecto, xa que logo, solicitáronse informe económico-financieiro da Consellería de Facenda, informe da Dirección Xeral de Función Pública, informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e o informe da Asesoría Xurídica.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero, ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resulta preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

O 11 de xaneiro de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 3 de xaneiro de 2017 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu informe sobre o proxecto de orde, facendo una serie de observacións no tocante ao uso dunha linguaxe non sexista.

O 11 de xaneiro de 2017 a Dirección Xeral de Función Pública emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

O 16 de xaneiro de 2017 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa contestou entendendo a non necesidade da emisión do informe solicitado.

Finalmente, o 16 de xaneiro de 2017. a Asesoría Xurídica emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde.

Finalmente, a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza emitirá o pertinente informe esixido polo artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e acadarase a aprobación definitiva do proxecto por parte da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro do artigo 43.3 da Lei



16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

5. Legalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada polo Servizo Técnico Xurídico, considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja